

OS SIMBOLOS DE GALICIA

FRANCISCO F. MARTÍNEZ



PARLAMENTO
DE GALICIA





ALEGO

Música de Pascual Veiga



OS SIMBOLOS DE GALICIA

FRANCISCO F. MARTÍNEZ



PARLAMENTO DE GALICIA



Edita:

Parlamento de Galicia

Autor:

Francisco F. Martínez, 2013

OBRA NON VENAL

I.S.B.N.:

978-84-7836-101-4

Depósito Legal:

C 1846-2013

© Desta edición, Parlamento de Galicia.

ÍNDICE

LIMIAR	9
O ESCUDO	15
1. Antecedentes históricos. Os armoriais europeos	
2. Evolución e transformación	
3. A historia recente e a fixación definitiva do escudo	
A BANDEIRA	45
1. Os antecedentes históricos	
2. A problemática da definición. As cores	
3. A consolidación	
O HIMNO	57
1. O «berro» como símbolo ancestral	
2. O himno como definición colectiva	
3. Autonomismo e signos de representación. A influencia dos acontecementos históricos recentes	
APÉNDICE LEXISLATIVO	73
– Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia	
– Decreto 73/1985, do 18 de abril, polo que se establece a especificación técnica das cores da bandeira e do escudo de Galicia	
BIBLIOGRAFÍA	87
RESUMO	93
Resumen	
Resumo	
Abstract	
Résumé	

LIMIAR

SÍMBOLOS DUNHA GALICIA PLURAL

Coa promulgación da Constitución Española de 1978 e o posterior Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, a nosa Comunidade vía recoñecidas as súas arelas de autogoberno, longamente agardadas polos nosos devanceiros.

Estas dúas normas sentaban as bases para a implantación e desenvolvemento das nosas propias institucións de autogoberno e o seu correspondente marco normativo.

Naquela etapa fundacional da Comunidade Autónoma, axiña se albiscou a necesidade de regular e fixar nunha lei específica os símbolos propios de Galicia —a bandeira, o escudo e o himno—, xurdidos do pobo e que o pobo asumira como propios —ás veces dun xeito un tanto heteroxéneo— desde moito antes.

Na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o Parlamento de Galicia limi-

touse a fixar definitivamente estes símbolos, sen máis precisións cás estritamente imprescindibles para un uso correcto da bandeira, para fixar definitivamente a composición do escudo e para lles dar carácter oficial á letra e á música do himno, como precisa a propia norma.

Fiel á súa obriga de divulgar e afianzar o coñecemento dos símbolos que nos identifican como nacionalidade histórica, o Parlamento de Galicia editou, por vez primeira, en 2013, este traballo de Francisco F. Martínez.

A boa aceptación da obra —amena, mais sempre rigorosa— lévanos a impulsar a súa reedición, que poñemos á disposición do público en soporte papel, e tamén en formato electrónico, de balde, na web do Parlamento de Galicia.

Como presidente do Parlamento de Galicia teño un especial empeño en dar a coñecer esta institución e o que aquí se fai. Esta estratexia de apertura abrangue outros aspectos, como a posta á disposición do

conxunto da sociedade de todo o corpus legislativo emanado desta Cámara, ou a divulgación das diferentes ferramentas de participación cidadá.

Esta edición dos *Símbolos de Galicia* enmárcase nesta aposta, co obxectivo último de que as galegas e os galegos coñezan un pouco mellor a historia e a evolución dos símbolos que nos identifican, e cos que nos sentimos identificados.

Son, os nosos símbolos, froito da evolución histórica e de achegas diversas nas que a emigración galega tivo un papel determinante. Foron concibidos desde un espírito integrador e con vocación de entendemento coa España constitucional da que formamos parte.

Trátase, en suma, dos símbolos dunha Galicia plural, a dos «bos e xenerosos», que mira ao futuro con optimismo.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

O ESCUDO



MAPA DOS REINOS DE CASTELA A VELLA, LEÓN E GALICIA CON CADANSEU ESCUDO. FREDERICI DE WIT 1672 AMSTELODAMI.

1 Antecedentes históricos. Os armoriais europeos

No que respecta a Galicia, e máis concretamente ao seu escudo, podemos dicir que careceu de símbolo heráldico nos primeiros séculos da profusión e auxe destes, é dicir, durante os séculos XII ao XIV. Poida que fose debido a que o antigo reino de Galicia –para esa época xa integrado na monarquía leonesa– e mais o rei, malia titularse de León e Galicia, utilizaban con exclusividade as armas distintivas de León. De feito, e para o período que media entre eses séculos, non se puido rexistrar nos armoriais europeos ningún documento gráfico onde se recollan as armas do noso antigo reino¹.

Cando se data por primeira vez e con certeza é no ARMORIAL BERGSHANMAR, cuxa recompilación data de 1436 e no que se

1 Quedan, non obstante, por investigar a fondo os manuscritos heráldico-xenealóxicos do século XV existentes na Biblioteca Nacional de Madrid, onde talvez se poida achar algunha referencia a este período (Bugallal, p. 13).

recollen uns tres mil trescentos escudos pertencentes a Estados e familias de case toda Europa. Alí podemos ver «no folio catro volto [...] copón ben estilizado e enchendo o máis posible o campo do escudo»². Encima da composición está escrita a palabra *Galiscién* (Galicia).



*Escudo de Galicia do
Armorial Gymnich*

É, pola súa vez, complementariamente no ARMORIAL GYMNICH, recompilado entre 1440 e 1450, onde se alude por primeira vez ás cores que acompañan as figuras. Alí o escudo galego aparece «de azur e o copón de ouro». A tapa do vaso eucarístico é de forma case cónica e ten, como remate, unha cruz de dimensións relativamente grandes.

2 Ibidem, p. 12.

E engade aínda unha variante que resulta de grande interese: o escudo está timbrado cun pequeno coronel ou coroa sen diademas.

Dentro de España atopamos a primeira representación do escudo galego no Ar-



morial manuscrito da Biblioteca de El Escorial, que é posterior a 1473, e alí fálase de «una custodia de oro en campo colorado». De forma pouco elaborada e sen cor, aparecen as armas de Galicia representadas por un copón ou cáliz cuberto con tapa cónica desprovisto de cruz.

Armorial da Real Biblioteca de El Escorial, de finais do século XV

Cumpriría sinalar aquí unha nova variante, que é a da cor colorada como fondo do escudo, probablemente debida a unha reminiscencia paleocristiá, ou, talvez, a algún creador de emblemas fabulosos onde o colorado equivalería á cor do sangue³.

2 Evolución e transformación

2.1. Elementos

Sería moi pesado e disgresivo seguir con minuciosidade todo o proceso de variantes habido na representación dos símbolos distintivos de Galicia, e isto é aplicable tanto ao escudo como á bandeira ou ao himno. Tal labor sería practicamente inabordable por canto, segundo sinala o prestixioso heraldista francés Michel Pastoureau, «a pesar da

3 Ibidem, p. 14: «La invención de armerías fabulosas, y su atribución a personajes o naciones existentes en tiempos preheráldicos, fue un hecho frecuente en los heraldos ('reyes de armas') de la Edad Media y del Renacimiento, y aún posteriores».

influencia reguladora dos heraldos, a pesar dunha certa codificación xurídica, a pesar do establecemento de regras de composición [...] as armerías van conservar durante longo tempo un aspecto algo movedizo, ante o cal o profano se atopa con frecuencia desorientado». E engade: «Con anterioridade ao século XVII pedíasele simplemente ao artista ou ao artesán que respectase os grandes trazos, abandonando á súa fantasía unha gran parte dos detalles»⁴.

Creemos que é conveniente facer esta excepción por canto –e máis concretamente no caso de Galicia⁵– haberemos de encontrar múltiples variantes na representación

4 Ibidem, p. 16.

5 Diciamos que cómpre ter en conta, quizais de forma especial, o caso de Galicia, e isto por dúas razóns principais: dunha banda, polo afán desmedido de protagonismo que sempre caracterizou unha entidade ou colectivo por distinguirse doutra, mais cando se trata de tomar iniciativas para definir o símbolo da comunidade; doutra, por canto no caso de Galicia representou un papel decisivo esa forma de diáspora cal é o colectivo de emigrantes, os cales, en moitas ocasións, levados dun apaixonado e desmedido amor pola terra da que teñen soidades, quixeron defender con máis certeza ca ninguén símbolos, cores ou formas que, de feito, só viñan crear confusión en detrimento de poder chegar a un acordo a fin de obter o emblema definitivo da nacionalidade.

das armas do antigo reino, sen que isto teña que crear confusión ou enfrontamento de se unha é válida por confrontación á outra. É conveniente reparar, para un mellor criterio, naqueles elementos que permaneceron invariables e que, seguramente, terán un soporte teórico respecto do seu simbolismo. Son tales elementos invariables os que, en última instancia, definen e concretan as armas propias do que se quere representar.



*Escudo de Galicia
na antiga porta da
vila de Betanzos*

Ata o de agora, pois, podemos sinalar que foi o copón ou cáliz cuberto (rematado ou non en cruz) o primeiro elemento invariable. O segundo elemento de importancia estaría na aparición de cinco copóns en lugar de un, en aspa ou *sotuer*. Aparece en labras

heráldicas tales como as portas da Vila de Betanzos e Viveiro, e corresponden ao último terzo do século XV. O número de copóns responde, moi probablemente, á representación das cinco provincias en que estaba dividido o reino de Galicia nese século.

No século XVI, e sobre todo durante o reinado de Carlos V, é habitual que ao remate do copón se lle suprima a cruz, tal como xa ocorría nas labras heráldicas de Viveiro e Betanzos. Mantense, iso si, o copón de ouro sobre campo de azur.

A finais deste século XVI é cando se produce unha nova mutación importante: o copón deixa de aparecer só para aparecer, a partir desta data, rodeado dun número variable de cruces, podendo levala ou non o propio copón. Polo menos así aparece en todas as representacións estranxeiras.

Joseph de Avilés, na súa *Ciencia heroica*, definírao posteriormente: «El reyno

de Galicia en España trae de azur sembrado de cruces recrucetadas al pie, fixado de oro, y un copón o cáliz cubierto de lo mismo»⁶.

Durante o Renacemento vaise perder o sentido simbólico das armas en favor do alegórico. Un signo característico disto supono, a comezos do século XVII, a aparición (sobre todo nos escudos esculpidos en pedra) do cáliz cunha hostia enriba, substituíndo o copón. Así o documenta Vaamonde Lores, baseado, sobre todo, nos escudos existentes na Coruña; e así o recolle o licenciado Molina cara ao ano 1550⁷.

Trátase, neste caso, dunha transformación fundamental, por canto esta representación xa non abandonará o escudo de Galicia, permanecendo practicamente invariable

6 Vid. Bugallal, p. 8

7 Ibidem, p. 21. Entre todos os escudos esculpidos en Galicia no século XVI, e nos cales as armas deste antigo reino figuraban separadas das de Castela e León, o único exemplar quizais que ostenta o cáliz e a hostia sos atópase na mencionada porta de San Miguel, construída en 1595 nas antigas murallas da Coruña.

ata os nosos días. Compartiu, iso si, durante o Barroco, a preeminencia no escudo de Galicia alternándoa coa representación da custodia⁸.

Outro elemento gráfico que se debe considerar sería a aparición das cruces, algo que o citado Vaamonde Lores atribúe a un desexo de encher o campo do escudo, insuficientemente ocupado ata ese momento polo copón ou o cáliz⁹.

Esta actitude non é de estrañar, por canto xa deixamos dito ata que punto, sobre todo na florida época barroca, dispoñía o artista de liberdade para complementar, ao seu albedrío, o baleiro que as armas esenciais podían deixar no escudo. Outra cuestión sería preguntarse por que a figura da cruz, e non outra, foi ocupar os espazos libres. Á marxe de calquera outra especulación gratuíta,

8 Xustificada pola gran aceptación que en Galicia tivo o Barroco.

9 «Horror al vacío simbólico», podemos ler na *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 10, p. 111.

o máis lóxico é pensar que, dado o evidente carácter relixioso das armas xa existentes, fose a cruz o símbolo máis apropiado.

Xunto a isto hai que considerar que era costume moi estendido na heráldica europea sementar de cruces o campo do escudo. Estas cruces podían ser de distintas formas, ben que a recrucetada con pé fixado era de uso habitual, e no caso de Galicia parece lóxica a inclusión deste modelo por canto é a máis próxima á cruz de Santiago. Lémbrese que Galicia era, para os europeos, o país de Santiago por excelencia.

O número de cruces, nun primeiro momento, varía segundo as dimensións con que se debuxan as figuras, aínda que, sobre todo na maioría das armas de Galicia gravadas fóra de España, non adoitan verse enteiras máis de seis cruces, nin menos de catro. O número de cruces máis habitual na heráldica española era o de seis.

Hierosme de Bara, en 1581, brasona o escudo e pon soamente seis cruces, recrucetadas e fixadas tres a cada lado. Fernando de Oxea, no seu mapa de Galicia elaborado para formar parte do atlas *Theatrum Orbis Terrarum*, publicado en Amberes en 1612, coloca tamén seis cruces, coa particularidade de que neste caso son patadas, quizais por ser unha forma máis coñecida en España. Este mínimo número permanecerá nas representacións heráldicas durante todo o século XVII.

É de destacar que aparece, así mesmo, no mapa do padre Oxea (que virá a converterse co tempo en paradigma histórico do actual escudo de Galicia) unha pequena cruz rematando a custodia, que xa se observara noutras representacións. Esta cruz, pouco a pouco, vai ir gañando representatividade e predominancia, ata alcanzar un tamaño igual ás seis laterais¹⁰.

10 Dous exemplos deste proceso evolutivo –entre outros– encóntranse nas armas de Galicia que ornan os frontis das edicións da obra do padre Gándara: *Armas i triunfos. Hechos históricos de los hijos de Galicia* (Madrid, 1662) e *Nobiliario, Armas y Triunfos de Galicia...* (Madrid, 1677).

Deste feito van derivar dúas cuestións importantes: dunha banda, que o número de sete cruces é o que acabará por permanecer no escudo de Galicia; da outra, a transformación do contido simbólico da cruz como tal, cambiando o seu significado relixioso polo segrar por canto o número de sete viría a representar as sete provincias do antigo reino de Galicia.

Foi Pallares y Gayoso (1614-1668) o primeiro en soste tal teoría, que foi moi favorablemente acollida, contribuíndo isto a que, no primeiro terzo do século XVIII, a cruz que remataba a custodia acabou separándose desta, quedando exenta como as outras seis. As cruces, tal como se puxo de manifesto, seguiron mantendo preferentemente a súa forma patada e aínda seguen a ser as máis utilizadas ata os nosos días, acaso por corresponder máis a súa sinxeleza ao gusto actual.

2.2. As cores

Todos os elementos que conforman o escudo de armas de Galicia, e que viñemos describindo ata agora, deben ter, como é propio considerar en boa metodoloxía heráldica, cores representativas. Aquí, máis unha vez, a variación existiu ao longo dos séculos, ben que hoxe podemos convir en que, con preferencia, as cores (ou esmaltes) que ostentaron os distintos elementos foron:

O campo

Desde o século XV –e salvo casos illados onde se di «de sangue» ou «campo colorado»– foi sempre de azur (azul), cor que se mantivo en todos os escudos de Galicia pintados ou gravados fóra de España e na maioría dos de aquí.

O copón, o cáliz e a custodia

Conservaron sempre a mesma cor, isto é: todos os copóns, cálices e custodias das armas de Galicia foron de ouro (amarelo). Actualmente, con todo, e como variante,

no escudo oficial a hostia quedou fixada en cor prata.

As cruces

As primeiras que aparecen no escudo son de ouro (1550-1560). A finais do século XVII, o rexedor Mateo de Cisneros describe as armas do escudo e alude a «seis cruces doradas» en campo azul¹¹. O mesmo fan todos os autores do século XVIII.

No século XIX, época de gran confusión nas armas de Galicia, as cruces poden aparecer, alternativamente, de prata ou de ouro. No século XX optouse pola cor do primeiro metal e quedou así fixado.

Non faltou, pola súa vez, aínda que dun xeito non continuado, a aparición dun emblema ou divisa xunto ao escudo do vello reino formando parte dos ornamentos exteriores, cuestión que alcanzou grande

11 Vid. Bugallal, p. 36.

importancia nos emblemas de Galicia nos últimos séculos.

A máis antiga divisa dataría de finais do século XV e aparece nun armorial francés da época, rezando o lema: *iComplenous, Compostelle, á la rescousse!*. Aquí a referencia a Santiago e á guerra é evidente.

Máis profundo e meditado había ser, século e medio máis tarde, o lema que figura no escudo de Oxea: *Hoc misterium firmiter profiteamur*, onde quedaba patente a profesión de fe dun pobo que o padre Seguíñ non dubidou en cualificar como «integrante de un constante catolicísimo Reino»¹².

Algún outro había de figurar en escudos de Galicia, pero con carácter esporádico

12 É de facer notar, como dato curioso e revelador, a prolífica intervención de membros da Igrexa nun gran número de memoriais e tratados heráldicos onde se dá constancia das armas de Galicia. Así, podemos encontrar o dominico Fernando de Oxea, o cóengo lucense Juan Pallarés, o xesuíta Juan Álvarez, o presbítero Juan de la Huerta e outro xesuíta, Pascasio Fernández.

e pouco arraigado no tempo, talvez debido ao que Veyrin Ferrén chamou, referíndose á invención de divisas, «un verdadeiro deporte mundano (sobre todo do século XV ao XVIII) practicado pola xente culta»¹³. Todos eles, iso si, con carácter xeral, están sempre en relación co tema simbólico do escudo.

Cabería engadir, en fin, unha consideración xeral respecto dos ornamentos exteriores, pois, aínda que o escudo é a parte esencial das armas (a única verdadeiramente indispensable), a partir do século XIII comezaron a verse nas improntas sixilares de tipo heráldico outras figuras arredor do escudo, moda esta que, aínda tendo un fin estritamente decorativo, decontado se estendeu rapidamente a todas as manifestacións heráldicas e que ían proliferar, sobre todo, no século XVII. Acaso a heráldica aquí, coma noutras manifestacións, non tratase senón de aceptar o papel de ser filla do seu tempo.

13 Vid. Bugallal, p.38.

Dos elementos máis frecuentes, o coronel que aparece sobre bastantes helmos non foi considerado nun principio como emblema de dignidade, senón, antes ben, como modelo estereotipado, pasando de aí, a partir de finais do século XV, a representarse sobre os helmos dos reis unha coroa máis elaborada que se parece cada vez máis á que realmente cobre a cabeza do soberano.

En canto ao escudo de armas de Galicia, conservou a coroa real aberta ata mediados do século XVII, e pasou despois, durante os séculos XVIII e XIX, a ostentar a coroa real pechada. As coroas murais, pola súa vez, só comezan a verse a finais do século XIX, e foron creadas unicamente para timbrar as armas das vilas e cidades antano amuralladas.

Un emblema que figurou con certa asiduidade no escudo galego é a Cruz de Santiago. A súa aparición pode datarse, en forma acolada, no mapa gravado polo xeógrafo italiano Giacomo Cantelli cara a 1696.

Probablemente a identificación xeneralizada de Galicia con Santiago, grazas ao simbolismo xacobeo, así como á indubidable beleza da cor vermella en contraste co azul do campo, ademais de ser un símbolo moi querido por todos os galegos, fixo que perdurase, aínda que de forma desigual, ao longo da historia no escudo de Galicia¹⁴.



*Portada do Estatuto de Galicia de 1936.
Debuxo de Camilo Díaz Baliño*

Por fin, sobre todo no período de florecemento do Barroco, anxos, dragóns, trofeos bélicos, matronas e outros emblemas civís chegaron a adornar o escudo, ben que esta liberdade só se pode atribuír á fantasía dos artistas, xa que é difícil dicir onde

14 Pola súa vez, «la cruz de Santiago acolada es un ornamento externo muy utilizado en las representaciones gráficas del escudo gallego hechas por las instituciones gallegas de America» (*Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 10, p. 114).

acaba a imaxinación inventiva e onde comeza a intención simbólica.

3 **A historia recente e a fixación definitiva do escudo**

Respecto do que é a historia máis recente das armas de Galicia –historia onde a prodigalidade e variación nos elementos integrantes foi fecunda grazas aos tamén pródigos acontecementos da nosa propia historia–podemos dicir que todos e cada un dos seus elementos, e o escudo na súa totalidade, foron obxecto de vivas discusións, dándose, en xeral, como xustificación para isto, o feito de que o escudo presenta problemas ideolóxicos e culturais non fáciles de resolver na práctica. De aí, se acaso, que, xa en 1931 e con motivo dun debate suscitado en Ourense, a Real Academia da Historia emitise ditame ao respecto¹⁵.

15 Gran Enciclopedia Gallega, vol. 10, p. 110

Talvez por falta dunha boa delimitación legal e oficial, o caso é que, como queda dito, todos os elementos foron obxecto de discusión e crearon unha situación de entropía simbólica que, inconscientemente, é un bo indicador da entropía cultural da vida de Galicia, ao que contribuíron reitores e grupos galegos desde dentro e fóra de Galicia. E aquí cabería destacar un feito fundamental dentro da dinámica de Galicia, como é o fenómeno da emigración.

Como queira que o emblema de Galicia leva en si mesmo un signo distintivo de identidade, a sensibilidade do galego emigrado, necesariamente, agúzase ante calquera acontecemento que afecte a tales símbolos, dando orixe a polémicas apaixonadas de difícil solución ás veces. Así, de feito, cando a situación se endureceu en Galicia e os símbolos teñen sido obxecto de prohibición ou de animadversión oficial, estes contan inmediatamente co apoio e a garda celosa dos grupos galegos do exterior



*Portada de Galicia de Manuel Murguía.
Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.*

(en ocasións, abofé, tamén con algún litixio, por mor dos símbolos, entre si). E é que, se en situacións normais estes símbolos son usados como elementos de identificación do país ao que pertencen os membros de grupos e asociacións de Galicia no exterior,

en condicións excepcionais estes símbolos son, ademais, un modo de afirmación e exaltación de tales elementos de identificación. De aí que o proceso recente de semiose do escudo e da bandeira de Galicia estea vinculado, de forma moi estreita, a un dos problemas máis graves do país: a emigración exterior.

De recollermos, moi sucintamente, os avatares máis recentes que afectaron á fixación do escudo, podemos sinalar como dato fundamental o feito dunha progresiva secularización, que vai afectar aos símbolos e cuxa dinámica se pode recoller en tres períodos clave:

1. Contra 1931, co florecemento da idea nacionalista, unha conciencia laica veu substituír a tradicional actitude conservadora. Isto había de suscitar, entre outras, a polémica habida na Real Academia Galega, que había dar lugar, pola súa vez, ao Relatorio do 24 de xuño dese mesmo ano onde se sentan, dunha maneira explícita, as


bases (que se han recoller despois, practicamente na súa integridade, no informe emitido por esta Academia en 1972) a propósito da definición das armas de Galicia: «O escudo de armas de Galicia –dise alí– é un cáliz áureo e sobre el, patente, a hostia en prata, todo en campo azur, surmontado de coroa real e aínda co engadido das sete cruces evocadoras das sete provincias en que estivo repartido o antigo Reino».

2. No ano 1937 xorde a sorprendente proposición dun novo escudo por parte de Castelao, onde se advirte unha clara vontade de substituír os elementos relixiosos daquel e cuxa descrición e debuxo aparecen no número 6 da revista *Nova Galiza* (Barcelona, xullo de 1937). Neste momento, o desenvolvemento da guerra civil inflúe, non cabe dúbida, no ánimo de todos. “Non-os



Escudo proposto por Castelao

quedaba máis –escribe Castelao– que a fouce de ouro sobor dun fondo azul, e a estrela bermella como emblema do traballo e da liberdade. Ourelando o escudo compría deixar patente o martirio de Galiza. E a sirea, que pertence á heráldica galega como símbolo mariño que fale do engado atlántico, orixe das novas aventuras».



Escudo Oficial

3. O ano 1975 coincide co fin da Ditadura e o auxe, de novo, dos nacionalismos. Claro que, neste caso, a dinámica en canto aos símbolos é complexa e atípica, por canto os partidos e forzas políticas de tendencias máis claramente esquerdistas prescinden, cando menos, do escudo tradicional, expoñendo os seus símbolos propios, que teñen, polo común, a estrela de cinco puntas como símbolo do traballo e a liberación dos pobos. Tal é o caso da UPG, do PSG, da AN-PG e os grupos deles derivados.

Tanta profusión de símbolos acabaría por facer necesario, obviamente, a fixación definitiva das armas de Galicia. Este había de ser un dos empeños na actuación do Goberno da Xunta e así, dentro da normativa legal emanada da súa actuación está a Lei de símbolos de Galicia (Lei 5/1984, do 24 de maio; DOG núm. 120, do 23 de xuño), onde se fixan e describen, con carácter definitivo,

os elementos integrantes das armas de Galicia. No referente ao escudo reza así: «Artigo 3. O escudo de Galicia trae, en campo azur, un cáliz de ouro sumado dunha hostia de prata e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres de cada lado e unha no centro do xefe».

A BANDEIRA

Non se pode deducir, dos coñecementos vexilolóxicos¹⁶ actuais, que Galicia tivese unha bandeira propia durante a Idade Media nin tampouco ao comezar a Idade Moderna. Isto acaso sexa debido en parte a que esta comunidade como tal, e cos límites actuais, non representaba estritamente unha unidade rexional ou administrativa dentro da Coroa de Castela, razón pola cal non acuñou unha insignia común desde un primeiro momento. Para atoparmos a súa unidade como rexión e cos límites de hoxe cómprenos remitirnos a datas moito máis próximas.

O agrupamento arredor de insignias, estandartes ou pendóns baixo os cales puidesen reunirse os galegos obedecía a outros motivos que non os estritamente de representación rexional. Adoitaban representar,

16 A vexiloloxía, ciencia que se ocupa do estudo das bandeiras, deriva o seu nome do latín *vexillum*, única insignia ou estandarte de tecido que utilizaron os romanos. Ao parecer, o termo foi utilizado por primeira vez en data relativamente recente por Whitney Smith, profesor na Universidade de Harvard.

de feito, as armas dun xefe ou caudillo, xa fose este laico ou eclesiástico. Velaí, por exemplo, o caso do arcebispo compostelán Pedro Suárez de Deza, que viviu na segunda metade do século XII.

1 Os antecedentes históricos

Dun informe emitido pola Real Academia da Historia no ano 1931¹⁷ dedúcese que a bandeira galega «conta polo menos catro séculos de existencia», ben que para poder citar un feito concreto onde se faga patente o seu carácter de representación dunha colectividade temos que nos remontar á Guerra da Independencia española, onde o emblema era o que portaba o Batallón Universitario de Santiago¹⁸.

17 Informe requerido pola Comisión Provincial de Ourense emitido con data do 19 de xaneiro de 1931.

18 En 1808 o único Batallón que con carácter especialísimo se permitiu en Galicia, o de «Cadetes Literarios» da Universidade de Santiago, levou contra os franceses a bandeira branca desta rexión.

Talvez esta iniciativa do Batallón Universitario derivase do antecedente histórico das bandeiras segundo o cal se vén considerar o século XVII como a centuria da bandeira bélica (orixe, acaso o máis remoto, do significado deste símbolo como tal), sendo no século XVIII cando aparece máis propiamente a bandeira nacional.

De acordo con esta apreciación, Whitney Smith sostén que «as bandeiras nacionais, no sentido moderno do termo, soamente existen desde as revolucións americana e francesa», engadindo máis adiante que é esta última revolución a que «introduce o uso das bandeiras para denotar e reflectir unha idea política»¹⁹.

Polos avatares políticos propios do século XIX (sobre todo aludindo aos procesos de independencia levados a cabo durante este período), este sería o século do florecemento da bandeira de representación

19 «Flags. Through the age ...», p. 55.

político-ideolóxica, para pasar despois a ser considerado o século XX –sobre todo nos aspectos político, deportivo e comercial–, como «o século das bandeiras», segundo expresión acuñada por Vicente Cadenas.

2 **A problemática da definición.** **As cores**

Agora ben, se resultan un tanto nebulosas as orixes dunha bandeira que, coa condición de tal, tivese, nun momento histórico dado, acoillido baixo a súa significación a comunidade galega, menos problemas existen para fixar as características tipolóxicas que a definen. Así, a Xunta Revolucionaria que inspirou Fardalo en 1845 tiña na súa bandeira a mesma cor branca que ostentara a bandeira do Batallón Literario.

«¿No rezaba la tradición piadosa que blanca había sido aquella [bandera] que

tremolara en Clavijo sobre las huestes agarenas el guerrero Patrón de las Españas?» – escribe Bernardo Barreiro-. «¿No era blanco el [estandarte] de la Orden de Santiago?»²⁰.

«A bandeira de Galicia é branca», afirmaba Manuel Murguía en 1887²¹. E Alfredo Brañas, propulsor do movemento rexionalista, así o mantiña en 1890 ao referirse ao «branco pendón de Galicia».

Segundo a Gran Enciclopedia Galega (vol. 3, p. 60, voz *bandeira*) podemos ler que «sobre o fondo branco da antiga bandeira galega púxose a comezos do século XX unha franxa celeste en diagonal, de esquerda a dereita e de arriba a abaixo». Ignóranse, no entanto, os antecedentes desta innovación. Vaamonde Lores atribúeo a que era a bandeira da Comandancia de Mariña da Coruña, que foi copiada por algunhas

20 Barreiro, B.: «Insignias y blasones de Galicia», Rev. *Galicia Diplomática*, Santiago, 1888.

21 «Armas y banderas...», p. 12.

sociedades de emigrados baixo o erro de que era a bandeira rexional auténtica.

Así o confirma o citado informe da Academia da Historia cando di que «foi produto de erros de feito e de concepto». O certo, non obstante, é que, malia a falta de tradición e de consagración secular, o branco e o azul fóronse impoñendo entre as sociedades galegas da emigración (que representaron un papel decisivo no uso e na fixación deste símbolo) e entre aqueles que defendían as ideas do nacionalismo.

As Irmandades da Fala²², o Partido Nacionalista, o Partido Galeguista e todas as organizacións políticas rexionais galegas mantiveron con tenacidade a franxa azul sobre o fondo branco desde 1917, e así permaneceu na bandeira galega ata chegar ao *Anteproxecto do Estatuto de Galiza* de 1931, onde se mencionan xa, de forma explícita, o

22 Irmandades da Fala, co poeta Ramón Cabanillas e os seus exaltados versos de carácter cívico á fronte, tales como: «Ergámo-la bandeira azul e branca. É a enseña da nazón galega».



Bandeira do Consello de Galiza

branco e o azul como as cores nacionais de Galicia: «As cores nacionais da Galiza son branco-azul».

O caso é que a propósito das cores que a habían de adornar se suscitara unha intensa polémica. Isto deu lugar a que a Sección de Historia do Seminario de Estudos Galegos emitise un ecléctico informe onde recomendaba a utilización do branco e o azul, aludindo ao seu uso «como enxebre representación da Galicia actual recoñecida por todos os galegos, sen ter sido símbolo de partidismos».

A pesar disto, alude o informe a que en diferentes etapas históricas tivo Galicia dúas bandeiras: unha vermella e outra branca, co escudo no centro en ambas, tal como se recolle na obra dos pintores Durero e Mengs, respectivamente²³.

Moi pouco se di, porén, do simbolismo que poidan encerrar tales cores. Para iso cómpre recorrer, dun lado, a un certo mimetismo existente –segundo algúns autores– respecto da cor branca predominante nalgunhas bandeiras independentistas americanas, e, doutro, á poética cor azul dos ríos²⁴.

3 A consolidación

Aínda que o Real decreto do 18 de setembro de 1923 prohibiu formalmente o uso das bandeiras rexionais, coa chegada da República estas bandeiras foron plenamente autorizadas de feito (a pesar de que a Constitución de 1931 non facía mención a este tema).

23 Faise referencia aquí a cadros destes pintores onde tiñan a súa representación as armas do reino de España. Nelas aparecen os emblemas dos reinos que a formaban.

24 Non faltou quen, en xullo de 1930, no Parque da Fraternidade da Habana, izase unha bandeira galega á que o deseñador Fuco G. Gómez lle engadira a cor verde, cor, polo demais, de gran tradición no simbolismo galego.

A situación durou ata a Guerra Civil, en que foron consideradas símbolos separatistas e prohibidas tamén de feito. E así continuaría practicamente a situación ata os anos finais da Ditadura en que, como símbolo reivindicativo das nacionalidades, o seu emprego foi sendo cada vez maior.

Por último, as bandeiras de carácter histórico rexional –como pode ser o caso de Galicia– volven adquirir carta de natureza co texto constitucional, derivando de aí o seu respaldo legal ata chegar aos estatutos de autonomía das comunidades autónomas.



No que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, na súa Lei 5/1984, do 29 de maio, denominada de Símbolos de Galicia, recóllese, no seu artigo 2.1, o seguinte: «A Bandeira de Galicia, de acordo co preceptuado no artigo 6 do Estatuto, é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito». E aclara no parágrafo segundo: «Deberá levar cargado o escudo oficial cando ondee nos edificios públicos e nos actos oficiais da Comunidade Autónoma».

O HIMNO

«Dos tres símbolos –escribe Xesús Rábade– é o himno, seguramente, o máis solemne de todos eles, o que máis alporiza a unidade dos homes que queren afirmar e avivece-la fe en si mesmos»²⁵.

1 O «berro» como símbolo ancestral

De pretendemos rastrexar os antecedentes históricos que puideron propiciar a adopción dun símbolo acústico como acto de afirmación colectiva do pobo, cómprenos remontarnos necesariamente ata unha época, indefinida por demais, onde aparece por primeira vez o berro. Aínda hoxe os berros –que ben poden ser emitidos por unha persoa coa participación soamente emocional dos oíntes ou ben ser emitido polo propio grupo unánimemente–, aínda hoxe, dicíamnos, son moitos e utilízanse con frecuencia, xa sexa en festas típicas –sobre todo–, xa

25 «Símbolos de Galicia», p. 39.

sexa en actos patrióticos, caso en que adoitan ter un carácter rubricante.

«Máis que gritos ou berros de identificación, de adhesión e proselitismo –lemos na *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 17, p. 122²⁶–, son instrumentos de afirmación e de afondamento no espírito comunitario que se vive no momento do banquete, no acto político ou cultural. Pode ser –continúa– utilizado como medio de contestación cando se encontran elementos de dúas forzas totalmente diferentes nas que unha se distingue por un acusado centralismo e non acepta os símbolos de Galicia (caso frecuente hoxe). Poden ser utilizados, tamén, como divisas especiais, para distinguir a emoción que esperta calquera aspecto cultural de Galicia».

O século XIX, sobre todo a partir dos anos corenta, foi prolífico en canto á aparición

26 Gran Enciclopedia Gallega, vol. 17, p. 122.

destes berros, ou, máis propiamente, lemas, que, cun contido ideolóxico e político preferentemente, serviron de aglutinante nos actos reivindicativos propios dunha crecente concienciación rexionalista e autonomista.

Alfredo Brañas, como non podía ser menos dada a súa condición de paladín das reivindicacións, foi o difusor e propulsor de varios destes lemas, a saber: *Surge et ambula*, *Pro libertate patria*, que aparecen na súa coñecida obra *El Regionalismo*, e, sobre todo, o de *Deus Fratesque Gallaecia*, que había de ter mellor fortuna que as anteriores e había de contar, entre outros, co valioso respaldo do poeta Ramón Cabanillas, baluarte tamén significado na defensa da idea rexionalista.

É de observar que, por manter o texto latino, semella máis un lema desprendido dun escudo –e acaso por iso de máis difícil arraigo na masa popular– que un berro reivindicativo en si. A este segundo

caso aproximase máis, ao noso entender, un texto ou frase en galego, pois, tanto polo seu contido lingüístico como político, prende con máis facilidade nun pobo desexoso de reivindicar, entre outras cosas, a súa propia lingua. Así, «Terra a nosa» ou «Terra ceibe», que aparecen nun panfleto asinado por Xavier Soto e Manoel Antonio en 1921, ían ter mellor sorte e alcanzar unha definición maior como acto diferenciador e colectivo.

2 O himno como definición colectiva

En canto ao himno como tal, no seu sentido aglutinador, tivo o seu precedente nalgunhas cancións galegas que se entendía que gardaban no seu texto as esencias do carácter da comunidade e as súas xentes. Tal é o caso de *Negra Sombra*, poema de Rosalía de Castro ao que puxo música Juan Montes e que aínda hoxe, fixado e definido

xa o himno oficial de Galicia, continúa xuntando emocionalmente a cantos galegos a cantan ou a escoitan.

Este carácter emocional e colectivo faise constar de forma explícita no *Manifiesto para la Solidaridad Gallega*, asinado na Coruña en 1907, onde, xunto a un chamamento á unidade, fala de que «todos los gallegos que sienten un nudo en la garganta al escuchar Negra Sombra, y energía en su alma al oír iviva Galicia!».

O himno galego ou himno de Galicia naceu na Coruña o ano 1890²⁷ con ocasión dun certame musical presidido por Pascual Veiga e onde, nun dos actos do programa, estaba previsto premiar aquela composición que puidese ostentar o carácter dunha marcha galega. De aí naceu, con texto do fragmento dun poema escrito

27 Así se recolle na revista *A Nosa Terra*, no seu nº 1, correspondente a setembro de 1927 (*Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 10, p. 123).

por Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga, o himno que, co tempo, había de perdurar ata quedar fixado como un dos símbolos representativos da Comunidade galega²⁸.

Curiosamente, por certo, veremos que tamén neste caso (como ocorrera, dalgún xeito, coa fixación dos outros símbolos de Galicia, o escudo e a bandeira) para a súa difusión e arraigo foi decisiva a intervención das comunidades de emigrados. Deste xeito, o Himno ía ser estreado oficialmente na Habana nun acto organizado, o día 20 de decembro de 1907, pola Xunta Xeral do Centro Galego, que o declararía oficialmente como tal himno un ano despois a fin de que, en adiante, servise de representación en todas as actividades onde tal organismo interviñese.

28 Fronte ao Himno Galego de Pascual Veiga e Eduardo Pondal intentáronse algunhas alternativas –como o modelo de Alfredo Bañas, publicado parcialmente en *Vida Gallega*– pero non tivo éxito (*Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 10, p. 109).

3 **Autonomismo e signos de representación. A influencia dos acontecementos históricos recentes**

O éxito obtido por este himno (emotivo e expresivo á vez) habería que relacionalo, con toda probabilidade, co auxe rexionalista patente naquel ano de 1890, cando o agrarismo e o solidarismo efectuaron un gran avance na nosa rexión. Logo, ben certo é, a sorte do himno ía resultar desigual debido, sobre todo, á acumulación de acontecementos políticos que se ían desencadear ao longo do século XX en España e cuxa repercusión en Galicia había de chegar necesariamente.

Así, de 1907 a 1923, os movementos do rexionalismo e o agrarismo cantaron o Himno nos seus actos á vez que era aceptado, ao tempo, por moitos galegos non radicalmente centralistas. A este impulso e difusión había de contribuír o entusiasta pulo que supuxo, para todos os signos de identificación do galego,

o labor levado a cabo polas Irmandades da Fala, organizacións nadas para a defensa e consolidación do que se consideraban valores propios de Galicia e que Antón Vilar Ponte propiciou e defendeu con tanto empeño.

Sumado como tal Himno galego aos actos de carácter político, os nacionalistas fixeron bo uso del nas eleccións parlamentarias de 1918 e mesmo nas de 1923, vindo a servir de rúbrica aos actos de rexionalistas, nacionalistas e galeguistas. Neste último ano, no entanto, había de aparecer un real decreto da Ditadura que veu suprimir o uso dos símbolos rexionais²⁹, uso que veu ser restituído de novo con carácter oficial en 1930.

29 Momento en que as sociedades galegas de América, como sucede cando arrecia a censura en Galicia, intensificaron o seu interese pola expresión pública dos símbolos (*Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 17, p. 123).

Himno á Galicia.

1.
Que din os rumorosos,
Na súa vida pendente,
O respirando tormento,
Do precido luar ?
Que din das altas copas,
Cheas de sivil queixumes,
Os ampados camues,
No seu doce fungar ?

Primeira páxina de presentación do poema "Os Pinos"
escrito por Eduardo Pondal da súa propia man e
conservado no arquivo da Real Academia Galega

«Coa chegada da II República intensificouse o amor ao Himno, como expresión primeira dunha vontade de Estado dentro do Estado federal que se prevía, pero logo xa como unha Rexión dentro do Estado integral que se constituíu» (*Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 17, p. 123). De aí que, desde 1931 ata 1936, o himno galego cumpriu a súa función integradora cantándose en actos de exaltación republicana, e xunto ao himno de Riego como culminación nos actos de carácter político.

